

XII EDICIÓN DO DESFILE DO ENTROIDO 2026

ORGANIZA: Sociedad Cultural Deportiva Salcedo

Pontevedra – parroquia de Salcedo

O domingo 15 de marzo do 2026

A XII edición do Entroido Salcedo, que como en edición anteriores será organizado pola Sociedad Cultural Deportiva Salcedo (S.C.D. Salcedo), será un “ **Desfile de Comparsas**”, e “**Concurso de Grupos, Parellas e Individuais**”, polas rúas da parroquia de Salcedo – Pontevedra.

BASES DE PARTICIPACIÓN

1. Participación

A participación no desfile implica a aceptación das presentes bases. O evento está aberto a:

- Asociacións veciñais
- Asociacións culturais ou xuvenís
- Grupos organizados
- Centros educativos
- Persoas que participen de forma individual

2. Data, lugar e horario

- * Día do desfile

O desfile terá lugar o domingo 15 de marzo de 2026.

- Lugar de inscrición e saída:

Cruce do xistro coa EP-0012.

- Horario de inscrición: A partir das 16:15 h
- Hora de saída: 17:00 h, sempre que a organización, os participantes e a climatoloxía o permitan.

Os participantes poderán chegar dende as 15:00 h, xa que haberá un dispositivo especial de tráfico a partir das 14:55 h para facilitar a organización e a montaxe de carrozas e elementos escénicos.

3. Percorrido

O desfile realizará o seguinte itinerario:

Cruce do Xistro (Cruce coa EP-0012) → Novo Centro Social de Salcedo (Casa Verde)

4. Criterios de valoración

O xurado valorará os participantes segundo estes criterios:

Puntuación

Orixinalidade e interacción co público

1 – 5 puntos

Vestuario e creatividade (disfraz e carrozas)

1 – 5 puntos

Música e coreografía

1 – 5 puntos

5. O xurado

O xurado estará formado por:

- Un representante da S.C.D. Salcedo

- Representantes de asociacións veciñais
- Persoeiros da cultura da parroquia

Estará composto por entre 5 e 8 membros.

A Secretaria da S.C.D. Salcedo actuará como presidenta do xurado e será a encargada de anunciar os premiados.

Os gañadores serán aqueles que obteñan a maior puntuación total.

6. Música e animación

Os participantes poderán empregar calquera instrumento musical ou soporte sonoro para a súa actuación.

Recordar que as comparsas deben levar música en directo.

7. Idade

Non existe límite mínimo nin máximo de idade para participar.

8. Percorrido obrigatorio

Para poder optar aos premios é obrigatorio realizar todo o percorrido do desfile. O abandono do mesmo implicará a exclusión.

9. Presentación dos participantes

Os participantes deberán estar na zona de saída entre 45 e 60 minutos antes do comezo do desfile.

10. Número identificador/ Dorsal

Cada participante recibirá un número identificador que deberá levar visible durante todo o desfile para a correcta valoración polo xurado.

11. Conduta

A organización resérvase o dereito de descualificar a calquera participante que manteña unha actitude inapropiada ou negativa.

12. Dúbdas

Calquera consulta sobre organización, clasificación ou percorrido do Entroido 2026 deberá realizarse aos membros da organización, que estarán debidamente identificados.

13. Categorías e premios

Categoría Comparsas

Para participar nesta categoría é necesaria inscrición previa.

Unha comparsa deberá contar con máis de 40 participantes (con certa flexibilidade), e levar música en directo para a súa participación en comparsa

Os premios dependerán da recadación total, pero sempre Terán un importe mínimo por participación.

Categoría Grupos, Parellas e Individuais

Os premios serán cantidades económicas segundo o presuposto dispoñible:

1º premio, 2º premio e 3º premio en cada categoría.

14. Inscricións

Poderán realizarse por:

- Teléfono

Meli – 660 98 34 59

- Correo electrónico

scdsalcedo@hotmail.com

ameliebarreiro@hotmail.com

eventosalcedo@gmail.com

- Presencialmente

O día do desfile, ata 30 minutos antes do inicio

Na inscrición deberá indicarse:

- Nome da comparsa, grupo ou disfraz
 - Número de participantes
 - Teléfono de contacto
 - Nome identificativo do grupo
-

15. Entrega de premios

Tras rematar o desfile, o xurado disporá dun máximo de 60 minutos para deliberar.

A continuación realizarase a entrega de premios.

No caso das comparsas deberán estar presentes polo menos tres membros para recoller o cheque.

PROGRAMACIÓN – 15 de marzo de 2026

- 16:15 h – Inscripción de participantes
 - 17:00 h – Desfile
 - 19:30 h – Enterro do Pichinela
 - 20:30 h – Entrega de premios
 - 21:00 h – Música con DJ
-

SAÚDO DO PRESIDENTE

A Sociedad Cultural Deportiva Salcedo ten a honra de organizar por duodécimo ano o Entroido de Salcedo, cun completo programa de desfile, Enterro do Pichinela e festa.

Queremos contar coa vosa participación para desfrutar xuntos dunha tarde chea de alegría, tradición e convivencia.

Agradecemos a colaboración de toda a parroquia de Salcedo, grazas á cal é posible financiar os premios e facer medrar este evento ano tras ano, agardamos ver as rúas cheas de xente.

Contamos con vós.

D. José Antonio Barreiro Iglesias

Presidente da S.C.D. Salcedo

